



## BASES LEGAIS SORTEO DÍA INTERNACIONAL DA XUVENTUDE

### 1. EMPRESA ORGANIZADORA

A entidade Xunta de Galicia, Política Social con domicilio en RÚA DE SAN CAETANO, S/N - EDIF. ADMINISTRATIVO, BL5 PLT 3 Santiago de Compostela (A Coruña) e número identificativo S1511001 H organiza unha promoción que se desenvolverá co establecido nas presentes bases.

### 2. ÁMBITO TERRITORIAL E PERSOAL.

A promoción desenvolverase en Galicia. Poderán participar na devandita promoción todos os usuarios de entre 14 e 30 anos, que sexan residentes no territorio galego e seguidores da páxina Xuventude en Facebook ou da conta de Xuventude en Instagram.

En todo caso, non poderán participar na promoción os empregados de Xuventude, nin as persoas relacionadas profesionalmente coa organización da promoción. No caso de que resultase gañadora algunha das persoas excluídas de participación, esta perderá o dereito ao premio e procederase a librar o premio á seguinte persoa que reúna as condicións de participación válidas. Se unha persoa é excluída, a candidatura da que forma parte anularase automaticamente. Así mesmo, os participantes deberán ser persoas físicas que actúen no seu propio nome e dereito. En consecuencia, non se admitirá a participación a través de axencias e/ou calquera terceiro distinto do participante. Requirirase o DNI aos gañadores para verificar a súa verdadeira identidade.

Os perfís persoais deberán corresponderse a persoas físicas reais. A organización poderá declarar nulo o presente concurso se detecta irregularidades nos datos identificativos dos participantes premiados. Igualmente, descartará aqueles participantes cuxos datos sexan abusivos ou fraudulentos



### **3. ÁMBITO TEMPORAL**

Esta promoción estará vixente desde as 16:00 horas do día 12 de agosto de 2020 ata as 23:59 horas do día 13 de agosto de 2020.

A organización do concurso resérvase o dereito de ampliar, anular a promoción ou suspendela, ou ben cambiar algunha( s) da súa( s) condicións se por causas técnicas ou de calquera outra índole alleas á súa vontade non puidese cumprir co normal desenvolvemento da mesma, segundo o estipulado nas presentes bases.

### **4. MECÁNICA DA PROMOCIÓN**

A participación na promoción é gratuíta. Para participar na promoción o usuario deberá:

- Ser seguidor da páxina oficial de Xuventude en Facebook ou Instagram.
- Ter entre 14 e 30 anos.
- Mencionar nos comentarios da publicación lanzada por Xuventude en Facebook e Instagram, desde o día 12 ata o 13 de agosto, á persoa ou persoas ás que tamén lles gustaría gañar este pack. Só serán válidos aqueles comentarios que fagan referencia mediante a etiquetaxe (con @nome) a unha persoa cun perfil válido na mesma rede social.

Os comentarios non poderán facer referencia a unha situación inapropiada, indecente, obscena, hostil, difamatoria ou calumniosa e/ou que promova a intolerancia, racismo, odio, ou dano contra calquera grupo ou persoa, ou a discriminación por motivo de raza, relixión, xénero, nacionalidade, discapacidade, orientación sexual ou idade, e/ou que atenten contra a orde pública, moral ou bos costumes.

Os comentarios que a Dirección xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado considere impropios serán eliminados e o participante que os enviara quedará automaticamente descualificado.



Premiarase cun pack de libros ou material escolar valorado en 30 € e merchandising de Xuventude:

- A 5 das persoas que comenten na publicación do sorteo en Facebook e cuxos comentarios cumpran coas condicións anteriormente descritas. Os gañadores elixiranse de forma aleatoria mediante a ferramenta Easypromos.

- A 5 das persoas que comenten na publicación do sorteo en Instagram e cuxos comentarios cumpran coas condicións aquí descritas. Os gañadores elixiranse de forma aleatoria mediante a ferramenta Easypromos.

Os gañadores de Instagram terán que ser seguidores da conta de Xuventude nesta rede social. Os gañadores de Facebook terán que ser seguidores de Xuventude nesta rede social.

## **5. PREMIOS**

Unha vez finalizada a promoción, a organización contactará cos 10 gañadores para indicarlles como se procederá á entrega do premio. O premio será 1 pack con libros ou material escolar (valorado en 30 €) e merchandising de Xuventude para cada gañador (5 gañadores en Facebook e 5 gañadores en Instagram).

Estes premios non son intercambiabes por diñeiro. No caso de non poderse entregar algún dos premios por calquera causa imputable á organización, poderán ser substituídos por outros de similares características e igual ou superior valor.

## **6. GAÑADOR E ENTREGA DO PREMIO**

Comunicarase o nome dos gañadores mediante stories, nova publicación ou comentario nos posts do sorteo lanzados o 12 de agosto en Facebook e Instagram. Os gañadores anunciaranse o 14 de agosto.

Pedirase aos gañadores que envíen os seus datos de contacto por mensaxe privada. Terán 72 horas desde que se lles notifique como gañadores para



comunicar os seus datos e poder reclamar o seu premio. Tras confirmar que cumpriron coas especificacións do sorteo, notificaráselle o mecanismo de entrega do premio e o proceso de entrega do mesmo.

## **7. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

A entidade Xunta de Galicia, Política Social con domicilio en RÚA DE SAN CAETANO, S/n - EDIF. ADMINISTRATIVO, BL 5 PLT 3 Santiago de Compostela (A Coruña) e número identificativo S1511001 H, cumpre estritamente coa protección da súa privacidade e dos teus datos persoais. Por tanto, a túa información persoal consérvase de forma segura e trátase co máximo coidado. De conformidade co establecido na normativa aplicable en materia de protección de datos, e concretamente no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, cada Participante, coa aceptación destas Bases Legais consente que os datos persoais facilitados para a participación neste concurso sexan incorporados a un ficheiro titularidade de Xunta de Galicia, Política Social para tramitar a participación no concurso e para comunicarlle o premio no caso de que resultase gañador ou gañadora. Informámoslle de que os seus datos persoais de contacto serán utilizados para as seguintes finalidades: Información básica sobre protección de datos. Responsable: Xunta de Galicia, Política Social. Finalidade: Xestión da participación nesta actuación e remisión por Xunta de Galicia, Política Social de comunicacións comerciais sobre produtos, actividades, servizos e accións de Xunta de Galicia, Política Social por medios de comunicación electrónica ou outros medios. Destinatarios: Non se cederán datos a terceiros, salvo obrigação legal. Tampouco se realizarán transferencias internacionais de datos. Dereitos: Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como solicitar en determinadas circunstancias a limitación, a súa portabilidade e oposición dos seus datos persoais, así como notificar á autoridade de control española (AEPD) no caso de que entenda que se vulneraron os seus dereitos de conformidade coa lexislación vixente en materia de protección de datos. Información adicional: Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección



de datos na páxina web <https://www.xunta.gal/politica-social> na ligazón da política de privacidade que atopará ao pé da web. Os participantes garanten que os datos persoais facilitados son veraces e fanse responsables de comunicar a Xunta de Galicia, Política Social, calquera modificación dos mesmos. Xunta de Galicia, Política Social resérvase o dereito para excluír da presente promoción a todo participante que facilitase datos falsos. Recoméndase ter a máxima dilixencia en materia de Protección de Datos mediante a utilización de ferramentas de seguridade, non podéndose responsabilizar a Xunta de Galicia, Política Social de subtraccións, modificacións ou perdas de datos ilícitas. Os participantes teñen dereito a (I) acceder aos seus datos persoais, así como a (II) solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión, (III) solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, (IV) opoñerse ao tratamento dos seus datos e (V) solicitar a súa portabilidade. Os participantes poden exercer todos estes dereitos na seguinte dirección de email [xuventude@xunta.es](mailto:xuventude@xunta.es) indicando, o motivo da súa petición. Os participantes poden tamén, enviar a súa petición por correo ordinario á seguinte dirección: A entidade Xunta de Galicia, Política Social con domicilio en RÚA DE SAN CAETANO, S/N - EDIF. ADMINISTRATIVO, BL 5 PLT 3 Santiago de Compostela (A Coruña) ) e número identificativo S1511001 H. Sen prexuízo de calquera outro recurso administrativo ou acción xudicial, o participante terá dereito a presentar unha reclamación ante unha Autoridade de Control, en particular na Comunidade Autónoma no que teña a súa residencia habitual, lugar de traballo ou lugar da suposta infracción, no caso de que considere que o tratamento dos seus datos persoais non é adecuado á normativa, así como no caso de non ver satisfeito o exercicio dos seus dereitos. A Autoridade de Control ante a que se presentou a reclamación informará ao reclamante sobre o curso e o resultado da reclamación. Para máis información, pódese consultar a política de privacidade de Xunta de Galicia, Política Social a través da seguinte ligazón: <https://politicassocial.xunta.gal/gl/aviso-legal>

## **8. CAMBIOS**

Reservámonos o dereito de modificar ou ampliar estas bases promocionais, na medida que non prexudique ou menoscabe os dereitos dos participantes no concurso.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE POLÍTICA  
SOCIAL  
Dirección Xeral de Xuventude,  
Participación e Voluntariado

Edificio Administrativo San Lázaro, 3ª planta  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono: 981 54 54 00



## **9. LEXISLACIÓN APLICABLE E XURISDICIÓN**

Estas bases legais rexeranse de conformidade coa lei española. Serán competentes para resolver calquera reclamación ou controversia que puidese exporse en relación coa validez, interpretación ou cumprimento destas bases os Xulgados e Tribunais da cidade da Coruña.

## **10. MODO DE ACEPTACIÓN DAS BASES LEGAIS**

A simple participación no concurso por medio de publicación de contido usando o hashtag da campaña e mención á marca, implica a aceptación da totalidade das presentes bases.